


# PLAN ANUAL ORIENTACIÓN PROFESIONAL


## ANO 2022-2023

Fdo.: M<sup>a</sup> del Rosario Cid Pérez



## Contido

1. NORMATIVA ONDE SE ESTABLECEN AS COMPETENCIAS DA ORIENTACIÓN PROFESIONAL.....3
2. ACCIÓNS A DESENVOLVER POLO ORIENTADOR PROFESIONAL NO ANO 2020-2021 .....3
3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PLANIFICADAS POR ESTE SERVICIO PARA O ANO 2020/2021. ..6
4. ADAPTACIÓN NUN CONTEXTO DE EMERXENCIA .....8



## **1. NORMATIVA ONDE SE ESTABLECEN AS COMPETENCIAS DA ORIENTACIÓN PROFESIONAL**

Segundo reza na **ORDE de 12 de xullo de 2011** pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado de formación profesional inicial, no seu artigo 22:

### Artigo 22. Orientación profesional.


1. Nos centros en que se imparta formación profesional, incorporárase ao Departamento de Orientación, como mínimo, un profesor ou unha profesora que impartan a área de formación e orientación laboral, por designación do director ou da directora, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
2. O profesorado de formación e orientación laboral desenvolverá, ademais das funcións que lles competen como membros do Departamento de Orientación, as seguintes:
  - a) Informar o alumnado sobre o marco legal de traballo e das relacións laborais.
  - b) Orientar sobre modos e procedementos de inserción profesional.
  - c) Dar a coñecer os recursos profesionais e laborais existentes.
  - d) Deseñar actividades ou programas para que o alumnado poida elaborar o seu propio itinerario profesional de procura de emprego, facéndoo consciente da necesidade de formación permanente.
  - e) Potenciar estratexias encamiñadas á consecución, no seu caso, dunha reorientación profesional axustada ás demandas do mundo laboral.
  - f) Informar e orientar, en colaboración co resto do Departamento de Orientación, sobre as oportunidades de aprendizaxe e os posibles itinerarios formativos para facilitar a inserción e a reinserción laborais, a mellora no emprego, así como a mobilidade profesional no mercado de traballo.
  - g) Colaborar cos titores e coas titoras responsables da formación en centros de traballo na elaboración de programas para a realización de actividades formativo - produtivas en centros de traballo.
  - i) Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poidanlles asignar referidas á orientación

Dando cumprimento ao mandato legal procédese a planificar as actividades para o **ano 2022-2023** temporizando as accións a desenvolver por trimestres tendo en conta as necesidades que se expoñen polo alumnado en cada momento e tendo en conta o calendario escolar e as distintas actividades planificadas polo centro. Podendo as accións expostas ser modificadas e ampliadas ao longo do curso escolar en función das necesidades cambiantes da sociedade e das achegas dos distintos integrantes da comunidade educativa.

As sesións asignadas no ano **2022/23** para o desenvolvemento das accións son **4 sesións de 50 minutos.**

## **2. ACCIÓNS A DESENVOLVER POLO ORIENTADOR PROFESIONAL NO ANO 2022-2023**

A planificación para o ano en curso será a seguinte :




**A. PRIMEIRO TRIMESTRE 2022-2023** : levaranse a cabo as seguintes accións:

- Determinación cos distintos departamentos das familias profesionais as **necesidades** para o ano **2022/2023** .
- Comunicación a **xefa do departamento de orientación** as distintas accións, planificadas por este servizo, a desenvolver co alumnado.
- Coordinación e colaboración coa Dirección do centro en todo o que consideren necesario neste ámbito, estudando e poñendo en práctica as propostas ou suxestións.
- Publicitar as distintas funcións da orientadora profesional entre o alumnado por distintas vías : web, taboleiros de anuncios, charlas informativas nas aulas etc.
- Atender as consultas necesarias de inicio de curso: bolsas, formación complementaria, convalidacións etc.
- Contactar con outros axentes sociais (axuntamento , xunta ,sindicatos, organismos públicos) para a planificación de charlas no segundo e terceiro trimestre do ano: Organismos públicos, asociacións empresariais, organizacións sindicais etc.
- Facilitar a comunicación co alumnado por outras vías distintas á presencial para atender ao alumnado que asiste ao instituto a outras horas distintas das establecidas para atención.
- Organización para os alumnos de 2º de ciclos formativos charlas de Iniciativa emprendedora e de orientación no mercado laboral.
- Axuda e colaboración nos programas de **Erasmus (charlas informativas)** .
- Xestión e realización de obradoiros de primeiros auxilios.
- Coordinación co departamento de orientación das charlas de Orientación académica aos bacharelatos. **“A Formación Profesional”** e visitas as familias profesionais do centro.

**B. SEGUNDO TRIMESTRE 2022-2023:**

- Atención a todas as consultas que a estas alturas do curso van expoñerse aos alumnos: Erasmus, formación complementaria, continuación de estudos e todas aquelas que xurdan no ámbito da orientación laboral e profesional.
- Colaboración na selección de bolsas Erasmus e nos programas Erasmus +.



- Charlas informativas que se planificaron e puidéronse acordar no primeiro trimestre .


### C. TERCEIRO TRIMESTRE 2022-2023

- Promoción dos Ciclos de formación profesional do Instituto Politécnico.
- Citas individualizadas de orientación.
- Colaboración con departamentos de orientación doutros centros de formación profesional, para acordar citas de atención de alumnado interesadas en familias profesionais impartidas nos seus centros.
- Coincidindo coa finalización do curso e para axudar na inserción laboral dos alumnos facilitarase toda aquela información relativa a técnicas de procura de emprego: elaboración de CV, carta de presentación e recomendacións para a realización de entrevistas.
- Revisar a guía de información laboral – profesional para entregar os alumnos de 2º de Ciclos formativos ao rematar a FCT.
- Charla informativa sobre a Formación Profesional 4º da ESO. **“Elección profesional no sexista”**

Á parte dos obxectivos marcados por trimestre, durante todo o ano:

- 1. Facilitarase toda a información solicitada polo alumnado en materia de orientación profesional .**
- 2. Estarase en contacto cos departamentos, profesores, titores e alumnos para servir de vínculo entre as necesidades das empresas e o alumnado.**
- 3. Atenderase a todas as consultas vía email, consultas que cada ano incrementense, optando, a miúdo, o alumnado por esta vía para o asesoramento.**

Todas estas accións encádranse no ámbito da orientación académica - profesional e polo tanto forman parte **da planificación anual do Departamento de Orientación** do IES Politécnico de Vigo. Desenvolvéndose as mesmas no ámbito da coordinación e acordos do departamento de Orientación.




A final de ano realizarase unha **memoria anual** sobre as accións emprendidas neste ámbito, para ver as posibles intervencións para mellorar os servizos no seguinte.

### **3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PLANIFICADAS POR ESTE SERVICIO PARA O ANO 2022/2023.**

#### **1. PRIMEIRO TRIMESTRE**

- **Difusión das funcións do Servizo de Orientación laboral y profesional**
  - **Destinatarios:** Ciclos formativos grado medio y superior.
  - **Datas:** Outubro.
- **Obradoiro primeiros auxilios:**
  - **Destinatarios:**
    - 1º,2º,3º Y 4 ESO
    - 1º Ciclos formativos.
    - 1º Bacharelato.
  - **Datas:**
    - **BACHARELATO:** Novembro
    - **1º,2º,3º Y 4 ESO:** Outubro, Novembro
    - **1º y 2ºFP Básica :** Outubro, Novembro
    - **1º Ciclos formativos** Coordinación s co profesorado do módulo de FOL(formación e orientación laboral).
- **Xornadas “ Sensibilización a prevención de Riscos Laborais”:**
  - **1º,2º,3º Y 4 ESO:** Outubro.
  - **1º y 2ºFP Básica:** Outubro
- **Charla “ A Formación profesional”** (integrada na actividade desenvolvida polo departamento de orientación sobre as saídas académicas ao finalizar o bacharelato)
  - **Destinatarios:** 2º de bacharelato Científico.
  - **Datas :** decembro.




## 2. SEGUNDO TRIMESTRE

- **Charla “ A Formación profesional”** (integrada na actividade desenvolvida polo departamento de orientación sobre as saídas académicas ao finalizar o bacharelato)
  - **Destinatarios:** 2º de bacharelato Artístico.
  - **Datas :** Xaneiro - febreiro
- **Obradoiro "Técnicas de procura de emprego"**
  - **Destinatarios:** 2º FP Básica.

## 3. TERCEIRO TRIMESTRE

- **Obradoiro “Técnicas de procura de emprego” :**
  - **Destinatarios:** 1º Ciclos formativos.
  - **Datas:** coordinación profesorado do módulo de FOL.
- **Obradoiro primeiros auxilios:**
  - **Destinatarios :** 1º Ciclos formativos.
  - **Datas:**coordinación datas co profesorado do módulo de FOL.
- **Charla “ A formación Profesional”**( integrada na actividade desenvolvida polo departamento de orientación sobre as saídas académicas ao finalizar a ESO)
  - **Destinatarios:** 4º da ESO
  - **Datas:** abril-maio , coordinación co departamento de Orientación .



## **4. ADAPTACIÓN NUN CONTEXTO DE EMERXENCIA SANITARIA**

As actividades planificadas polo servizo de orientación laboral-profesional nunha situación de emerxencia realizaranse en función da evolución da situación sanitaria, **puidesen ser eliminadas ou cambiadas de trimestre**, doutra banda faranse coas seguintes premisas:

- ✓ Seguiranse as instrucións establecidas polos distintos organismos: Xunta de Galicia e do IES Politécnico de Vigo.
- ✓ Pedirase ás asociacións ou empresas que organicen as actividades que acheguen un protocolo de desenvolvemento da actividade, concretamente no caso da actividade de primeiros auxilios.
- ✓ Informarase as persoas externas ao centro acerca das normas de seguridade e hixiene a seguir no centro por motivo da situación de emerxencia.
- ✓ As actividades coordinaranse coa subdirección do centro atendendo ás instrucións que se desen respecto diso do desenvolvemento das mesmas.
- ✓ Todas as actividades faranse tendo en conta a situación e coa máxima seguridade para o alumnado.

As orientacións individuais , na medida do posible, faranse a través da plataforma **CISCO WEBEX** por vídeo – conferencia.

**Vigo a 12 de setembro do 2022**

Fdo: M<sup>a</sup> del Rosario Cid Pérez